

# A imaxe da muller nas cantigas do mar



Carme Hermida Gulías (Instituto da Lingua Galega. USC)

Forte do Tendal. Cangas, c. 1890

No cantigueiro popular galego a presenza do mar e do mundo que o rodea maniféstase de dous xeitos: como un ideal, escenario inmóbil, espazo idílico en que colocar accións, sentimentos e personaxes de carácter prototípico e valor universal; e como un espazo habitado, escenario da vida diaria, contexto en que se moven persoas cos seus desexos, sentimentos, ansias, necesidades, ocupacións, etc. Do mesmo xeito, a muller ribeirá é representada de formas diferentes que van dende o ser mítico e distante, a serea, ata a muller traballadora e compañeira de vida, pasando pola muller protectora, irreal e con poderes divinos pero con actitudes de proletaria.

## 1. A muller mítica: a serea.

No imaxinario popular galego existen dous tipos de mulleres míticas que viven na auga. Nos pozos máis fondos do río Miño viven as xacias; no mar, as sereas. Segundo o *Diccionario dos seres míticos* (Cuba 2002:226) "as sereas teñen corpo de muller fermosa, con longos cabelos, e de cintura para abaixo coma os peixes. Atraen os mariñeiros ou os navegantes coa súa voz, sedúcenos e fanos afogar. Levan un espello e un peite, peitean os longos cabelos, cantan con doce voz sobre unha rocha. Viven en pazos de cristal cheos de riquezas, baixo o mar".

Da análise das distintas sereas coñecidas pode verse que algunhas delas son mulleres reais sobre-

viventes dunha cidade desaparecida –caso da serea de Fisterra, da Carissia de Carucedo e da doncela do lago Carregal. En xeral, viven en covas naturais, coma na furna das Sereas na cidade da Coruña, na cova dos Encantos de Viveiro, en Mogor ou na poza da Moura de Domaio-Moaña, ou en illas deshabitadas –como nas illas Mirandas do mar de Ares. Segundo quen conte a historia, a mesma serea –a Maruxaina da Mariña luguesa– pode comportarse como un ser ameazante que fai ós mariñeiros naufragar ou como unha protectora que avisa de treboadas perigosas; a que vive en Maianca-Oleiros o que busca é engaiolar mozos para levalos consigo.

A unha serea, á súa capacidade para actuar como unha muller normal e completa, débémolle a existencia da liñaxe dos Mariño. Consonte coa



Escudo de Galicia. Deseño de Castelao



lenda -da que existen múltiples versións difundidas por vía culta- "foi un mariñeiro de Lobeira o que a atopou, e ela era unha serea con cola de peixe" (Cuba 2002:226). O mariñeiro, engaiolado, casou con ela e tiveran unha vida familiar feliz de non ser por unha pequena tacha de Mariña: era muda. Para obrígala a falar e que a súa felicidade fose completa, o home fixo aceno de tirarlle un fillo a unha fogueira de san Xoán. Ante a desesperación, a serea falou e máis nada soubemos dela.

No cantigueiro galego este personaxe mitolóxico feminino por excelencia do mundo mariñeiro ten unha presenza pouco relevante. Nas poucas cantigas que se ocupan delas cóntase que estas mulleres viven nunha torre no interior do mar e a beleza da súa voz, tan engaiolante que pode chegar a modifica-la traxectoria dunha embarcación, é o elemento que mellor as define e as caracteriza:

No mar hai unha torre  
e na torre unha *ventana*  
e na *ventana* unha nena  
que aos mariñeiros chama.

Moi ben canta, moi ben canta  
a sereiña do mar,  
os mariñeiros dan a volta  
só pola oír cantar.

¡Vállame Deus o que canta  
a sereiña do mar!  
Os mariñeiros dan a volta  
só pola oír cantar.

Vállame Deus o que canta  
a sereiña no mar,  
os navíos deran volta  
só pola ouvir cantar.

Fóra da beleza da súa voz, moi poucos datos máis se coñecen das sereas. A única información que se fornece nas cantigas é que se trata dun ser de pequeno tamaño, aspecto ó que se lle dá relevancia se cadra para contrapoñelo á grandeza do seu cantar:

Indo polo mar abaixo  
oín canta-la serea.  
¡Vállame Deus, como canta  
unha cousa tan pequena!

Indo polo mar abaixo  
oín cantar unha serea,  
¡Vállame Deus case canta  
unha cousa tan pequena!

Na mitoloxía grega a serea presentábase como un ser con corpo de paxaro na parte inferior e de muller moi fermosa na parte superior. A partir do século XV as sereas son confundidas coas nereidas e pasan a ser descritas como un peixe na súa parte inferior e unha muller na súa parte superior. Esta imaxe aparece hoxe nunha boa parte dos escudos das casas relacionadas cos Mariño, igual ca no escudo de Galicia proposto por Castela.

A fermosura da voz da serea serviu para difundir a súa figura máis aló do ámbito da beiramar, ela representa o prototipo comparativo de calquera voz bonita:

Se ti quixeras oír  
os meus mellores cantares,  
non saberías se era eu  
ou a serea dos mares.



Serea. Pazo da Picoña. Salceda de Caselas. Foto: Vitor Vaqueiro



Imaxe da Virxe do Carme

## 2. A muller protectora: virxes e santas.

A vida no mar é dura e está chea de perigos; non é estraño, xa que logo, que se crea en divindades que teñan a virtude e capacidade de proporcionar unha axuda en situacións de risco. Claro que esta función pode estar desenvolvida por seres masculinos -especialmente san Telmo<sup>1</sup>, san Clemente, santo Adrián e santo André-, mais no cantigueiro ese labor élle encomendado maioritariamente ás divindades femininas.

A virxe do Carme é hoxe ben coñecida e festexada como patroa dos mariñeiros; así e todo, o seu culto en Galicia popularizouse a partir do século XVIII<sup>2</sup> mais como avogada da salvación das almas. A súa oficialización como patroa da mariña de guerra realízase no ano 1901 a rexente María Cristina (Ferro 1992 e González Pérez 1998:302 ss.):

Nosa señora do Carme  
fixo unha casa na ría  
pra mirar prós mariñeiros  
como pescan a sardiña.

Nosa señora do Carme  
devólveme o que perdín,  
perdín a miña naiciña  
na ribeira de Marín.

Virxe do Carme valerme,  
Virxe do Carme valerme,  
que estou no medio do mar  
e non hai barqueiro que reme.

Virxe do Carme,  
estrela do mar,  
protexe os mariñeiros,  
seus fillos e seu fogar.

Ferro (1992:55) afirma que "a piedade popular identifica os santos coas súas imaxes. Naquel santo de tal igrexa e non noutro homónimo, residen o poder e a taumaturxia". Iso explica por que no cancionero popular son máis numerosas as referencias ás virxes e santas das distintas parroquias da beiramar cás chamadas á patroa oficial e xeral dos mariñeiros:

Santa María do Mar,  
Santa María mareira:  
a filla do noso rei  
sexa a miña compañeira.

Miña virxe dos Praceres  
sempre vos van a rezar  
os pobriños mariñeiros  
cando marchan para o mar.

Miña santa Margarita,  
a da igrexa xunta o mar,  
eu da vos romería  
nunca me podo olvidar.

Virxe do Camiño  
iremos, iremos  
nunha barca nova  
de catro remos.

1.- Baixo este nome agáchanse dous santos diferentes: o propio san Telmo e san Pedro González –tamén chamado o Corpo Santo-, santo venerado en Tui ó que se lle engade ó nome e apelidos propios o de Telmo, forma que acabou por converterse na súa única denominación (cf. González Pérez 1998:291 ss.).

2.- Especialmente polo traballo de Sor María Antonia de Xesús –a monxiña do Penedo- e o P. Francisco Colmenero.



Exvoto mariñeiro no santuario da Pastoriza (Arteixo)

Nosa señora de Bares  
que nos dea o vento en popa,  
que somos os de Celeiro  
e temos a vela rota.

Nosa señora do Faro,  
a do Monte lle axudou;  
ela viu pasare  
os papeiriños pa Arou.

Os santuarios nomeados nas cantareas sinaladas e noutras que se verán máis adiante presentan un contorno bastante definido da costa: Vigo (A Guía), Marín-Pontevedra (Os Praceres e nosa señora do Mar), Sanxenxo-O Grove (A Lanzada), Rianxo (Guadalupe), Porto do Son (O Loreto), Muros (O Camiño), Louro (A Madalena), Cee (A Xunqueira), Muxía (A Barca), Camariñas (Monte), Ponteceso (O Faro), Arteixo-A Coruña (A Pastoriza), Ribadeo (Vilaselán), etc.

As distintas virxes ás que se encomendan os mariñeiros están dotadas de poderes sobrehumanos que lles permiten realizar milagres e despreparar un manto protector sobre as persoas que se atopan en perigo:

A virxe da Pastoriza  
vela aí vai na súa barca;  
aló no medio do mar  
tódalas augas aparta.

Nosa Señora me axude  
a pasar o mar da Cruña,  
non lle queda a miña nai  
filla solteira ningunha.

Virxe de Vilaselán,  
tráeno-lo ventiño en popa,  
que somos de Ribadeo  
e traémo-la vela rota.

¡Ai, miña virxe da Barca!  
¡Ai miña virxe, valeme!,  
que estou no medio do mar  
sen ter barqueiro que reme.

Para que teñan preparados eses poderes, non se acode a elas só cando se está en perigo, senón que se chegan a avisar antes para que estean advertidas e lles sexa máis fácil evitalo:

Virxe da Barca  
que a teño de rezar  
para que o meu amante saia  
das alturas do mar.

Nosa señora da Guía,  
a guía dos mariñeiros,  
guíame a miña cuadrilla  
toda de mozos solteiros.

A protección dada por estas santas e virxes non se limita só ós mariñeiros, senón, en xeral, ás viaxes por mar. Iso é o que explica que os emigrantes se dirixan a elas para que os protexan na súa travesía:



Exvoto mariñeiro no santuario da Pastoriza (Arteixo)





Adeus virxe do Monte,  
a popa che vou virando:  
a saída é agora  
a volta, ¡sabe Deus cando!

Virxe do Carme querida,  
amparo dos mariñeiros,  
ampárame a min que vou  
para reinos estranxeiros.

Cando unha santa ou virxe concede aquilo que se lle pediu, é costume pagarlle o favor cun exvoto, que pode ser para a súa casa ou para o seu conforto individual:

A señora da Peneda  
ten o tellado de vidro  
que o puxo un mariñeiro  
que no mar se viu perdido.

Pescador que andas pescando,  
péscame unha rebaliza,  
para levar de regalo  
á Virxen da Pastoriza.

Se a divindade non se comporta tal e como é de agardar dela, tamén recibe a recriminación dos seus devotos e devotas:

Miña Virxe do Loreto,  
¿que lle dades ós do Son?  
Dádeslle pescadas podres,  
picadas do abellón.

Aínda que as santas e virxes son representantes da divindade, na devoción popular están dotadas de antropomorfismo, isto é, non se lles permite desprenderse da súa condición humana. Este feito vai permitir coñecer con certa fiabilidade algunhas características da muller mariñeira, como:

- Os paseos pola ribeira entreténdose en coller cunchas:


Nosa Señora do Carme  
vai indo pola ribeira  
collendo cuncha por cuncha  
e metendo na faldriqueira.

Santa Eulalia, santa Eulalia,  
vela aí vai pola ribeira,  
collendo cunchiñas de ouro,  
meténdoas na faldriqueira.

- O costume de leva-lo pelo recollido fai que chame moito a atención andar con el solto:

¿Onde vas, virxe do Carme,  
con ese pelo tendido?  
-En busca dun mariñeiro  
que polo mar vai perdido.

- Verbo das modas do vestido e do calzado hai pouca unanimidade na información. Pode saberse que as ribeirás non andaban en mangas de camisa, porque este era un costume que lle pertencía ás costureiras:



Procesión marítima a bordo dun vapor, na honra da Virxe do Carme. Marín. c. 1915

Nosa señora da Barca  
velaí vai pola ribeira  
en manguíñas de camisa,  
parece unha rianxeira.

Nosa señora de Sada  
alá vai pola ribeira,  
en manguíñas de camisa  
parece unha costureira.

Se se atende ó valor da maioría, ben se pode afirmar que con respecto ó calzado, o máis xeral é que as mulleres da beiramar andasen descalzas e sen medias nin carpíns:

Alá vén nosa Señora  
andando pola ribeira;  
trae as perniñas ó aire  
parece unha rianxeira.

A nosa virxe da Xunqueira  
cando apareceu na ría,  
descalciña pola area,  
viña chea de alegría.

Nesta información insiste, por contraposición, estoutra cantiga en que rianxeira non define unha habitante de Rianxo, senón a muller que se dedicaba a vender polo miúdo produtos da horta:

Nosa señora da Barca  
alá vai pola ribeira  
con zoquiños e mantelo  
¡parece unha rianxeira!



Procesión da Virxe da Barca. Muxía. 1929. Foto: Ramón Caamaño

### 3. A muller real.

A muller real, aquela que vive, goza, traballa e morre na ribeira aparece nas cantigas en moitas desas situacións: namoradeira, namorada, emparellada, traballadora, etc. Nesta última centrase agora a nosa atención:



Traballadoras dunha conserveira. Vigo, comezos do s. XX

### 3.1. A muller e o traballo asalariado.

A muller que ten un traballo asalariado aparece realizando labores de atadeira, mariscadora, vendedora de peixe e marisco, etc.:

Veño de cose-la rede  
sentadiña na ribeira,  
xa me agarda miña nai  
co caldiño na lareira.

Aínda habemos de encontrar  
algunha moza solteira,  
apañando caramuxas  
por aí, pola ribeira.

Vexo Muros, vexo Noia,  
tamén vexo Corcubión  
e vexo as nenas de Faro  
que andan ó mexilón.

E nós as nenas,  
tan gallardiñas,  
vendemos xardas  
e máis sardiñas;  
vendemos todo  
polo máis valer,  
que aínda non deixamos  
para nós comer.



ARDENTÍA

Chamáchesme sardiñeira  
porque che vendo as sardiñas.  
Sardiñeiro seralo ti  
que me cómpra-las sardiñas.

Dime ti, regateiriña,  
dime que levas de venda.  
- Levo bágoas e suspiros,  
non teño outra facenda.

Cantan os galos en Baio,  
as galiñas, en Baíñas:  
tamén cantan no inferno  
as pescas de Camariñas.

Aí van as de Brañas Verdes  
á lagosta polo vrán;  
levan a súa farruca  
para baila-lo can-can.

Fun a Vigo, fun a Vigo,  
¡nunca eu a Vigo fora!  
namoreime dunha nena  
que ela era pescadora.

Aínda que non era común na costa galega que as mulleres andasen embarcadas –con algunha excepción ben coñecida, como a das habitantes de Sálvora–, no cantigueiro existen cantareas que as presentan navegando a vela e mesmo pescando. A rareza deste comportamento permite, obviando a interpretación literal, considerar que estas cantigas están contando a existencia dunha relación sexual entre os personaxes implicados:

Sabela vai na vela  
e Ramón vai no timón;  
Lourenciño, o pequeniño,  
vai tocando o acordeón.



Muller traballando nas inmediacións do Muíño da Seca (Cambados)



Cargando ostra

Farruquiño vai en vela  
polo río de Padrón;  
Farruquiño vai en vela,  
María vai ó timón.

Humberto e maila Pichona  
van pescar ás barbadiñas,  
para comer o meu galo  
e mailas súas galiñas.

O traballo asalariado da muller da beira do mar non ten por que estar relacionado co mundo marítimo, pode pertencer ó sector terciario ou pode ser un labor agrícola propio dunha economía simbiótica:

As nenas do Pindo  
van lavar ó mar.  
Eu son mariñeiro,  
heinas de pescar.

Miña neniña pequena,  
¿quen che vai dar de mamar?  
Túa nai vai na vendima  
e teu pai saíu ó mar.

A muller que realiza un traballo asalariado posúe unha dispoñibilidade económica e unha capacidade de tomar decisións importantes no ámbito familiar que non se podería comprender nun mundo en que non tivese acceso a un traballo remunerado:

Miña nai, porque podía,  
fixo unha casa na vila,  
para ve-los de Rianxo  
como pescan a sardiña.



A imaxe da muller nas cantigas do mar



Na cultura occidental a muller foi educada e concienciada para ocuparse do traballo doméstico. O emprego fóra da casa, que existe dende sempre con maior ou menor recoñecemento e intensidade, nunca eximiu –nin exime na actualidade– ás mulleres dos labores domésticos. Pensar iso é unha ofensa e un demérito que as propias interesadas se ocupan de desmentir:

Anque che son pescantina,  
ribeira da beiramar,  
tamén sei coller a roca,  
baila-lo fuso e fiar.

### 3.2. O traballo doméstico.

Os traballos da casa que nas cantigas aparece realizando a muller da beira do mar son maiormente os de lavar e cociñar.

¿De onde ves, Carmela?  
-Veño do regueiro,  
de lava-la roupa  
do meu mariñeiro.

Gaivota, gaivota,  
¿que levas no papo?  
- Sardiñas asadas.  
- ¿Quen chas asou?  
- María pou-pou,  
pasou polo río  
e non se mollou.

Señor cura, cura, cura  
¿onde lle vai a sobriña?  
que lle quero, quero preguntar  
como se frixe a sardiña.  
- Ábreselle o lombo,  
bótaselle sal  
e cun abanexo  
veña abanexar.  
Abanexa, abanexa, abanexa  
abanéxalle o rabo á sartén<sup>3</sup>.

Ademais correspóndelle levarlle a comida ó mariñeiro, ter todo preparado na casa para cando volve o home do traballo e atendelo cando chegue. Den-

tro das súas ocupacións tamén está a de ser refuxio ou acubillo psicolóxico do home traballador:

Pola punta do Capelo  
ía miña avoa Clara  
levarlle a comida ó Vigo  
que estaba na esplanada.

Aí veñen os mariñeiros  
de traballar á escurada;  
rapaciñas da ribeira,  
terlle a cama preparada.

Bota auga, Clara,  
polo vertedeiro;  
bota auga, Clara,  
que son mariñeiro,  
que son mariñeiro,  
que veño do mar;  
bota auga Clara,  
para me lavar.



As mulleres do mar sempre tiveron que realizar as tarefas domésticas

3.- Existe unha variante desta cantiga, non exenta de certa crítica, que presenta a muller como descoñecedora da arte culinaria: "Señor cura, señor cura, / aí vén a súa sobriña, / que lle vén a preguntar / como se asan as sardiñas. / -Ábreselle o lombo, / bótaselle sal, / e cun abanico / poste a abanicar. / Abanica, abanica, abanica / abanícalle o cu a teu pai".





Cando veño do axexo,  
cando vou para a luzada:  
quérote ver, rianxeira,  
sempre no muelle sentada.

A muller que fica na casa depende do traballo realizado polo home para garanti-lo sustento familiar; por iso resulta común que se alegre da volta da xeira diaria, aínda que a ganancia non fose moita:

Covelo foi ó mar,  
trouxo sardiñas na gorra  
para darllas á muller  
que estaba na corredeira.

Sardiñas do mar de Lira,  
¡quen che me dera un milleiro!,  
sardiñas do mar de Lira  
mátaas o meu mariñeiro.

Aí vén o barco do mar,  
aí vén a sardiña toda,  
aí vén o meu mariñeiro,  
asentadiño na proa.

Aí vén a lancha da Illa,  
aí vén a falúa toda;  
aí vén o meu queridiño,  
asentadiño na proa.

As peculiares condicións da vida da beiramar –peixes e mariscos que se reproducen de seu e son todos comestibles- permiten asegurar a mantenza dispoñendo das ferramentas axeitadas e da forza de traballo que as manexe; por iso, a muller, en tendo un home responsable, pode deixar nos seus brazos a responsabilidade do sustento económico da casa:



Mulleres mariscando na Illa da Arousa. Foto: F. Fdez. Rei

Teño barcas, teño remos,  
teño sardiñas no mar,  
tamén teño un bo marido,  
non preciso traballar.

Non te cases cun canteiro,  
que che saltan as pedriñas;  
cásate cun mariñeiro  
que che trae boas sardiñas.

Claro que o home tamén pode renegar desa responsabilidade, ben porque considere que a muller debe amañarse pola súa conta, ben porque atopa-se outros intereses ou vicios en que investi-las ganancias:

Dinme que non teño rendas  
para mante-la muller;  
berberechos de Cambados  
que coma cantos quixer.

Eu non quero home  
que vaia ó mar:  
gaña a peseta,  
vaise emborrachar.

Á vista do expresado con anterioridade, a existencia de cantigas que presentan un emisor masculino que se oufana de posuír aparellos, materia prima, compañeira ideal e, daquela, a posibilidade de vivir sen traballar resulta incomprendible. Claro que tamén é posible considerar que os homes admiten o rol de procuradores do sustento familiar por educación, de esta ser diferente non terían problemas para aceptar ser mantidos pola súa muller:

Teño lanchas, teño remos,  
teño sardiñas no mar,  
a miña muller é moza,  
non quero máis traballar.

Teño lanchas, teño redes,  
teño peixe no mar  
teño unha moza bonita,  
xa non quero traballar.

#### 4. Conclusión.

Aínda que a literatura oral é un mostrario dos imaginarios colectivos do grupo humano que a crea, dos seus valores, das súas moralidades e das súas crenzas (Pereiro 1999), convén ter en conta que ese retrato de situación se fai a través de prototipos, creacións que representan o modelo ou exem-





plo máis perfecto. Por esa mesma razón as mulleres que se cantan nas cantigas anteriores non son fotos de seres reais, non están historicamente documentadas, son estilizacións, arquetipos dunha sociedade. Malia todo, permítenos coñecer datos relevantes sobre a organización social, o estilo de vida e a cultura da sociedade mariñeira do pasado.

Son tres as categorías de muller que se presentan nas cantigas: a muller mítica e fatal, simbolizada na serea, que non condiciona nin está presente na vida diaria do mariñeiro pero que, en tropezando con ela, pode alterala totalmente; as santas e virxes que representan a muller protectora á que encomendarse para que as xeiras cheguen ó final sen maiores dificultades e á que recorrer en situacións de perigo que esixan unha axuda externa; e a muller real, a compañeira, que co seu traballo, sexa este doméstico ou asalariado, contribúe a que a vida en terra sexa máis levadeira e máis calma.

O retrato da muller que fan as cantigas non vai acompañado, en xeral, de ningún matiz negativo; se algún existe ten que ver máis coa realidade social que describen –esixencia de estar a dispo-

ción do home, renuncia deste a mante-la familia, existencia de malos tratos físicos, etc.- ca coa ideoloxía que delas se desprende.



A señora Amalia, peixeira de Cambados

#### BIBLIOGRAFÍA.

- ALONSO ROMERO, F. (1998): "Los ritos propiciatorios de los pescadores gallegos y de otras comunidades europeas", en CALO LOURIDO, F.: *Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura, pp. 269-281.
- CUBA, X. R. *et alii* (2000): *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Xerais.
- FERRO RUIBAL, X. (Dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- FUENTES ALENDE, X. (1998): "Os exvotos de tema mariñeiro en Galicia", en CALO LOURIDO, F.: *Op. cit.*, pp. 315-334
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1998): "Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar", en CALO LOURIDO, F.: *Op. cit.*, pp. 335-348.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1998): "Devocións mariñeiras: do Corpo Santo á Virxe do Carme", en CALO LOURIDO, F.: *Op. cit.*, pp. 283-313.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. (1983): *Lendas galegas de tradición oral*. Vigo: Galaxia.
- HERMIDA, C. (Comp.) (2003): *Polo mar abaixo vai...Cantigas populares sobre o mar*. Santiago: Positivas.
- MARIÑO FERRO, X. R. (1995): *O sexo na poesía popular*. Vigo: Edicións do Cumio.
- MIRANDA, X. *et alii* (2001): *Pequena mitoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais.
- PEREIRO PÉREZ, X. (1999): "Antropoloxía e literatura oral", *Antropológicas*, 3 (1999), pp. 71-77.
- QUINTÁNS SUÁREZ, M. (2000): *Cancioneiro do Fisterra galego. 2500 cantareas comentadas e clasificadas por temas*. 3 tomos. Noia: Toxosoutos.
- VAQUEIRO, V. (1998): *Guía da Galiza máxica*. Vigo: Galaxia.
- VÁZQUEZ SACO, F. (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de fraseoloxía galega 5*. Santiago: Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia.
- [www.galiciaencantada.org](http://www.galiciaencantada.org).

